

Educación Básica para persoal adultas

As ensinanzas da educación básica estrutúranse en dúas etapas: Ensinanzas Inicias e Educación Secundaria para persoal adultas, e cada etapa en dous niveis.

Ensinanzas iniciais

- Ensinanzas Iniciais I

- . Ámbito de Comunicación
- . Ámbito da Competencia Matemática
- . Ámbito de Ciencia, Sociedade e Tecnoloxía

- Ensinanzas Iniciais II

- . Ámbito de Comunicación
- . Ámbito da Competencia Matemática
- . Ámbito de Ciencia, Sociedade e Tecnoloxía
- . Ámbito de Desenvolvemento e Iniciativa Persoal e Laboral

Educación Secundaria para persoas adultas

- Estrutúrase en dous niveis, I e II, que se organizan en tres ámbitos de coñecemento e se distribúen á súa vez en catro módulos secuenciados de forma progresiva e integrada. Os módulos estarán distribuídos cuatrimestralmente, correspondéndolle dous módulos ao primeiro nivel e os dous restantes ao segundo nivel. **Os ámbitos son:**

- . Ámbito de Comunicación
- . Ámbito Social
- . Ámbito Científico - Tecnolóxico

Ámbitos

No artigo 10 da orde recóllense os aspectos básicos do currículo que integrarán os ámbitos, e botamos en falta algúns que si aparecían na orde anterior:

- No ámbito social non integran aspectos preceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica, Visual e Audiovisual e Música.
- No ámbito científico-tecnolóxico tampouco se introducen aspectos relacionados coa saúde e co medio natural da materia de Educación Física.

Simultaneidade de modalidades

No **artigo 21** indícase que poderá autorizarse con carácter excepcional a matrícula simultánea nas modalidades presencial ou semipresencial coa modalidade a distancia naqueles casos nos que o centro non imparta todos os módulos necesarios para continuar o seu itinerario. Desde a CIG ensino entendemos que non pode haber ningún impedimento, que os centros deben ofertar todos os módulos e de non ser posible non deixar en mans da dirección territorial o autorizar ou non a matrícula a distancia. Instamos a que se modifique “podará autorizar” por “autorizará”.

Igualmente a dirección do centro debe sempre autorizar a matrícula simultánea nas modalidades presencial e semipresencial coa modalidade a distancia cando a algunha

alumna ou alumno non lle sexa posible asistir a todas as xornadas lectivas dos ámbitos por razóns persoais debidamente xustificadas, na orde soamente se recolle simultanear presencial e semipresencial, e queda na decisión da dirección do centro.

Desde a administración confirmámonos que se poderán simultanear as distintas modalidades pero que esa autorización tería que vir por parte da Dirección Territorial ao impartirse a modalidade a distancia soamente no IES San Clemente, e polo tanto verse afectados centros distintos.

Cualificacións dos resultados de avaliación

No artigo 30 recóllese que con carácter informativo se achegarán nos resultados de avaliación as cualificacións numéricas. Igual que manifestamos no desenvolvemento do currículo de secundaria non consideramos necesarias as notas numéricas nas ensinanzas de secundaria.

Profesorado das Ensinanzas Iniciais

No artigo 35 do borrador da orde recóllese que as Ensinanzas Iniciais serán impartidas **preferentemente** polo profesorado pertencente ao corpo de mestres. Desde a CIG-Ensino solicitamos que se modifique este artigo e se deixe como aparecía na anterior orde, onde en ningún momento se deixaba a

porta aberta a que profesorado doutros corpos poida impartir nestas ensinanzas.

Van estudar unha modificación ao texto pero sen limitar a flexibilidade, seguen a entender a ensinanza como un gasto e non como unha inversión.

Atribución docente

No Anexo III recóllese a atribución docente do profesorado. Desde a CIG-ensino vemos acertado introducir Filosofía na atribución docente do Ámbito Social pero cremos que non debe de quitarse Debuxo do Ámbito Científico-Tecnolóxico.

Non o van facer xa que a materia de debuxo non está no ámbito.

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal